

PFES

Plano de Formación para o Ensino Secundario



MEMORIA 2008-2009

PFES

Plano de Formación para o Ensino Secundario

Neste curso académico 2008/2009, a Universidade da Coruña, a través da Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías, presentou xunto co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) o seu Plano de Formación para o Ensino en Secundaria (PFES), unha innovación dentro da formación que ata o de agora se ofertaba só para a comunidade universitaria e que así amplía o seu ámbito de actuación ao profesorado ou futuro profesorado de Ensino Secundario.

Este plano de organización e desenvolvemento de cursos de especialización e perfeccionamento para o profesorado de Secundaria, e que se implanta por primeira vez na Universidade da Coruña, enmárcase no cadro formativo que o CUFIE ven ofertando desde hai varios anos e que ten, como obxectivo principal, o de promover a formación do profesorado de tódolos niveis educativos. Elaborouse pensando nas necesidades manifestadas polo propio profesorado que está a iniciar a súa andaina profesional. Necesidades que evidencian a urxencia de recibir unha oferta formativa dirixida á adquisición de destrezas e coñecementos didácticos e metodolóxicos, así como o uso racional das TIC nas aulas de Educación Secundaria. Asemade trátanse algún aspectos relacionados coa teoría do ensino, xa que para nós tanto a elaboración de criterios de análise, como a súa interpretación e construción dunha identidade profesional crítica, asegura unha praxis educativa máis axeitada e xusta.

Antes de dar comezo ao plano dispuxéronse unha serie de criterios para regular o correcto desenvolvemento do mesmo, entre os que destacan:

1. **Difusión:** A difusión do Plano de Formación para o Ensino en Secundaria faise por dupla vía: impresa e a través da web do CUFIE (www.udc.es/cufie). A información impresa pode estar suxeita a modificacións por necesidade de cambios ou de actualización, do que se dará conta na web.
2. **Datas de realización:** Os cursos terán lugar entre novembro de 2008 e marzo de 2009, nas datas indicadas no programa de cada un dos cursos.
3. **Lugar de realización:** Os cursos realizaranse nos aularios do CUFIE no Campus da Elviña.
4. **Destinatarios:** Profesorado de Ensino Secundario, Licenciados que teñan superado o Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP) ou que o estean cursando nese momento.
5. **Preinscrición:** A preinscrición realizarase a través de formulario electrónico na web do CUFIE, **no prazo de 23 de outubro ao 29 de outubro de 2008.**
6. **Confirmación de admisión:** A preinscrición non implica estar matriculado no curso por mor do límite de prazas. A confirmación da admisión en cada curso comunicarase por correo electrónico ao enderezo que facilitará a persoa interesada no formulario de preinscrición. Posteriormente expóranse as listaxes de admitidos na web.
7. **Matrícula:** Unha vez recibido o e-mail de confirmación de admisión dun curso, realizarase o pago da matrícula na administración do CUFIE en Socioloxía. O pago

por cada curso será de 60 € (O curso 009/PFES/007 ten un custo de 15 €). O prazo de matrícula é: **3 de novembro ao 7 de novembro de 2008**. Logo de formalizar o pagamento da matrícula, só se poderán devolver as taxas en caso de cancelarse o curso.

8. **Criterios de asignación de prazas:** No caso de que houberse máis solicitudes que prazas, estas adxudicaranse atendendo os seguintes criterios de selección.
 - a. Persoas paradas (Terán que presentar o Xustificante de Demanda de Emprego no momento da matrícula e entregar unha copia).
 - b. Licenciados que obtivesen ou estean cursando o Curso de Aptitude Pedagóxica na Universidade da Coruña.
 - c. Aqueles que na presente convocatoria do PFES non participara xa nalgún dos cursos convocados.
 - d. Orde de recepción de solicitudes.
9. **Certificación dos cursos:** A participación de proveito en cada curso implica a emisión dun certificado expedido pola Universidade da Coruña, asinado pola Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías e a Directora do CUFIE. Os certificados deberán recollerse, despois da súa confirmación, no negociado do CUFIE. Para que a participación sexa considerada de proveito terase a obriga de asistir un mínimo do 85% do mesmo. A certificación pode ser: 1 certificado por 30 horas ou 2 certificados por 15 horas cada un, dividido en Nivel 1 e Nivel 2 (*O certificado do curso 009/PFES/007 será de 12 horas).


Este ano, ofertáronse 7 cursos dentro do PFES, nos que se admitían 40 alumnos/as por curso (excepto nos de novas tecnoloxías, que eran 25), sumando un total de 250 prazas e que suman 195 horas de formación, xa que a duración por curso é de 30 horas, excepto no último que é de 12 horas. Esta formación abarca campos como o uso das novas tecnoloxías, actividades transversais dentro do currículo, como titoría, motivación, etc. e outros coñecementos útiles para o desenvolvemento profesional dos profesionais de secundaria.

Dentro de esta oferta, inscribíronse 351 participantes para a realización de un ou varios dos cursos ofertados, de modo que se recibiron un total de 1794 solicitudes para cursos diferentes.

A continuación preséntanse os datos de tódolos cursos, tanto a ficha técnica como os datos de matrícula e baixas en cada un deles, seguidos dos resultados xerais da avaliación que se fixo ao remate dos mesmos.


“A TITORÍA E O SEU DESENVOLVEMENTO DENTRO DOS CENTROS EDUCATIVOS”

Profesor	Sonia Seijas Ramos (Universidade da Coruña)
Código	08/PFES/001
Destinatarios	Profesionais do ensino secundario
Duración	30 horas
Datas e horario	24, 25, 26 e 27 de novembro e 9, 10 e 11 de decembro de 16:00 a 19:00 h
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 1 – Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	40
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Establecer as bases legais e prácticas da titoría no ensino secundario. ✚ Dotar dunhas nocións básicas da programación da acción titorial e os seus elementos fundamentais. ✚ Tomar conciencia da importancia da labor titorial dentro do sistema educativo.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ ¿Qué é a orientación e a titoría? Definición e características básicas. ✚ Marco legal dos servizos de orientación. ✚ Composición e organización dos servizos de orientación. ✚ Cómo levar a cabo a programación titorial. ✚ Exemplos de acción titorial.
Metodoloxía	✚ Clases maxistrais mesturadas con prácticas.



“A AVALIACIÓN DO ALUMNADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA”


Profesor	Xosefa Eva Espido Bello (Universidade da Coruña)
Código	08/PFES/002
Destinatarios	Profesionais do ensino secundario
Duración	30 horas
Datas e horario	1, 2, 3, 4 e 5 de decembro 16:00 a 20:00 h
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 1 – Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	40
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Coñecer como se concibe a avaliación do alumnado de educación secundaria no marco da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE). ✚ Familiarizarse con algunhas técnicas e recursos que se poden empregar para avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria. ✚ Comprender o sentido e a importancia da comunicación dos resultados da avaliación ás persoas implicadas.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ A avaliación do alumnado de educación secundaria no marco da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE). ✚ sentido da avaliación en educación: a avaliación como actividade de coñecemento. ✚ A avaliación inicial, procesual e final: técnicas e recursos. ✚ A comunicación dos resultados da avaliación: os informes de avaliación.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Exposición dos contidos básicos do curso por parte da profesora. ✚ Realización de actividades de profundización e aplicación dos contidos traballados en pequeno grupo. ✚ Posta en común das actividades realizadas no grupo-clase. ✚ Elaboración dunha proposta de avaliación, en pequeno grupo (se é posible) ou individual de aplicación dos contidos traballados.



“MOTIVACIÓN DE ESTUDANTES NO ENSINO SECUNDARIO”

Profesor	Alfonso Barca Lozano (Universidade da Coruña)
Código	08/PFES/003
Destinatarios	Profesionais do ensino secundario
Duración	30 horas
Datas e horario	15, 16, 17, 18 e 19 de decembro 16:00 a 20:00 h
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 1 – Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	40
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Trátase de coñecer os principais conceptos relacionados coa motivación e a motivación académica: el autoconcepto, las atribucións causais y las metas. ✚ Adquirir habilidades de ensinanza e a utilización de técnicas motivacionais para implicar a aprendizaxe do alumnado de educación secundaria. ✚ Coñecer e aplicar os modelos e programas máis relevantes de avaliación de necesidades motivacionais no alumnado de educación secundaria en canto a estilos e estratexias de aprendizaxe. ✚ Coñecer e utilizar as principais técnicas e recursos motivacionais para implicar ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe escolar. ✚ Coñecer e avaliar os procesos de relación profesor/alumnos na interacción didáctica verbal que acontece nas aulas.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ A motivación en psicoloxía. A motivación académica. A estrutura motivacional: os estilos de aprendizaxe, o autoconcepto, as atribucións causais e as metas académicas. ✚ Técnicas básicas de avaliación de necesidades motivacionais e de estratexias de aprendizaxe: as Escalas ESEA-2, o Inventario CEA, o Cuestionario CEAP48 e a Escala SIACEPA (realización de actividades prácticas). ✚ Exposición das principais técnicas motivacionais para aprendizaxe escolar no alumnado de educación secundaria. ✚ Exposición e práctica dos principais estilos de instrución indicados para a educación secundaria. ✚ A práctica da análise e avaliación da interacción verbal na aula.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Utilización da exposición maxistral dos principais contidos sobre temas relacionados coa motivación e aprendizaxe na aula. ✚ Utilizar grupos operativos de ensino (traballo de análise/síntese en pequeno grupo, lectura e extracción de ideas principais dos contidos entregados por escrito, resumo e síntese en panel - gran grupo) na interacción profesor/alumnos nas clases. ✚ Realización de traballos prácticos e operativos de avaliación de motivación da aprendizaxe, motivos e estratexias de aprendizaxe e estratexias de estudo do alumnado de secundaria. ✚ Realización de prácticas sobre a interacción didáctica verbal profesor/alumno na aula.


PFES.- PLANO DE FORMACIÓN PARA O ENSINO SECUNDARIO



“APLICACIÓNS DAS REDES SOCIAIS NOS CENTROS E AULAS DE SECUNDARIA”

Profesor	José M^a Aguilera Carrasco e Carlos de Paz Villasenin (Centro de formación e recursos da Coruña e IES A Sardiñeira)
Código	08/PFES/004
Destinatarios	Profesionais do ensino secundario
Duración	30 horas
Datas e horario	12, 13, 14, e 15 de xaneiro 16:30 a 20:00 h 19 e 20 de xaneiro 16:30 a 19:00 h
Lugar	Edificio de Servizos Centrais de Investigación Aula 3 – Andar -4 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	25
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Coñecer as claves que faciliten ó profesorado de secundaria a integración das competencias dixitais nun centro docente. ✚ Debater sobre o presente e futuro da rede e as posibilidades educativas que os avances tecnolóxicos poden supor no desenvolvemento de novas metodoloxías e contidos para o ensino. ✚ Informar sobre as posibilidades de interacción que ofertan as principais propostas existentes na rede. ✚ Fomentar o traballo colaborativo e de investigación-acción baseado na utilización de internet e aplicar estratexias didácticas e técnicas de deseño de materiais adecuados para o traballo en rede.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Posta en común das experiencias no desenvolvemento de contidos e espazos web onde a participación e a interacción cobran unha especial importancia. ✚ Metodoloxías de procura de recursos. ✚ Ferramentas e contornos web 2.0 aplicables a contextos educativos. Exemplificacións (Blogs, WebQuest, directorios temáticos, revistas, etc.) e tipoloxías. Técnicas de desenvolvemento. ✚ A competencia dixital no desenvolvemento de contidos educativos. Estratexias de utilización na aula. ✚ O futuro da web. A web semántica.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✚ As sesións desenvolveranse de forma práctica en computadores conectados á rede. ✚ Seguirase un plano de traballo que, a partir de instrucións xerais, combine o traballo individual con pequenos grupos e con postas en común.


PFES.- PLANO DE FORMACIÓN PARA O ENSINO SECUNDARIO



“CONFLITO E CONVIVENCIA NOS CENTROS EDUCATIVOS. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN”

Profesor	Carme Díaz Simón, Manuel Blanco Rábade, X. Pablo González Vázquez e M ^a José Acevedo (IES Lucus Augusti e IES Leiras Pulpeiro)
Código	08/PFES/005
Destinatarios	Profesionais do ensino secundario
Duración	30 horas
Datas e horario	27, e 29 de xaneiro 16:00 a 19:00 h 3, 4, 10, 11 e 13 de febreiro 16:00 a 19:00 h
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 1 – Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	40
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Identificar o conflito e aprender a analizar os diferentes tipos de conflito. <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as diferentes formas de actuar nun conflito e as vantaxes e desvantaxes de cada unha delas. • Coñecer os elementos típicos dun conflito e ser capaz de identificalos nunha situación conflictiva concreta. • Achegarse ás distintas dinámicas e estratexias de aula dende este punto de vista ✚ Coñecer a técnica da mediación como una ferramenta que nos axuda a transformar e a resolver pacificamente os conflitos. ✚ Ser capaz de identificar os diferentes puntos de vista e os sentimentos da outra persoa implicada nun conflito. Desenvolver habilidades comunicativas. ✚ Valorar a utilidade das técnicas de resolución de conflitos como unha forma eficaz de resolver os problemas persoais e axudar aos demais. ✚ Coñecer os distintos elementos dos plans de convivencia e os programas de axuda entre iguais
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Conflito. Solución pacífica de conflitos. ✚ Comunicación e conflito. ✚ Autoestima e solución de conflitos. ✚ A solución de conflitos dende a titoría. ✚ Os plans de convivencia e os programas de axuda entre iguais. Formación de alumnado axudantes. Formación de mediadores escolares. ✚ Maltrato entre iguais. Estratexias de prevención e intervención.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✚ A metodoloxía será basicamente participativa e activa, baseada en métodos socio-afectivos, a través de dinámicas de grupo, clarificación de dilemas, role- playing, visualización de vídeos, etc.


PFES.- PLANO DE FORMACIÓN PARA O ENSINO SECUNDARIO



**“AS WEBS DINÁMICAS. DESEÑO DE APLICACIÓNS EDUCATIVAS PARA
PROFESORES DE SECUNDARIA”**


Profesor	José M^a Aguilera Carrasco e Carlos de Paz Villasenin (Centro de formación e recursos da Coruña e IES A Sardiñeira)
Código	08/PFES/006
Destinatarios	Profesionais do ensino secundario
Duración	30 horas
Datas e horario	2, 3, 4, e 5 de marzo 16:30 a 20:00 h 9 e 10 de marzo 16:30 a 19:00 h
Lugar	Edificio de Servizos Centrais de Investigación Aula 3 – Andar -4 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	25
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Coñecer as claves que faciliten ó profesorado de secundaria a integración das competencias dixitais nun centro docente. ✚ Analizar as posibilidades das webs dinámicas para a súa aplicación nas aulas. ✚ Fomentar o traballo colaborativo e de investigación-acción baseado na utilización de internet e aplicar estratexias didácticas e técnicas de deseño de materiais adecuados para o traballo en rede. ✚ Diseñar actividades baseadas en ferramentas de autor e adaptalas a unha determinada área.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ A competencia dixital no desenvolvemento de contidos educativos (II). Estratexias de utilización na aula. ✚ A integración das webs dinámicas no desenvolvemento de contidos educativos. ✚ Ferramentas e contornos web 2.0 aplicables a contextos educativos. Exemplificacións (Blogs, WebQuest, directorios temáticos, revistas, etc.) e tipoloxías. Técnicas de desenvolvemento. ✚ O futuro da web. A web semántica.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✚ As sesións desenvolveranse de forma práctica en computadores conectados á rede. ✚ Seguirase un plano de traballo que, a partir de instrucións xerais, combine o traballo individual con pequenos grupos e con postas en común.

PFES.- PLANO DE FORMACIÓN PARA O ENSINO SECUNDARIO




“INTRODUCCIÓN Á UNIÓN EUROPEA PARA A MATERIA DE CIENCIAS SOCIAIS”

Profesor	Adela Rey Aneiros (Universidade da Coruña)
Código	08/PFES/007
Destinatarios	Profesionais do ensino secundario
Duración	12 horas
Datas e horario	17, 18 e 19 de febreiro 16:00 a 20:00 h
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 2 – Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	40
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ A chegar a realidade actual da Unión Europea aos responsables de impartir a materia de Ciencias Sociais. ✚ Familiarizarse cos seus actores e institucións. ✚ Comprender a participación española e a toma de decisións a escala europea. ✚ Coñecer e empregar as fontes de información da Unión Europea que lles permitirá manterse ao día deste fenómeno histórico. ✚ Adquirir, en xeral, habilidades para o ensino desta materia. ✚ Fomentar o deseño de actividades prácticas sobre a Unión Europea.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Antecedentes e evolución histórica. ✚ A estrutura institucional. ✚ As competencias e funcións. ✚ O Dereito da Unión Europea. ✚ Xogo de rol: as Institucións comunitarias e a toma de decisións.
Metodoloxía	As dúas primeiras sesións dedicaranse a clase maxistral e breves debates sobre a materia. A última sesión destinarase á realización dun xogo de rol co que cubriranse dous obxectivos: por un lado, por en práctica a materia tratada e, por outro lado, ensaiar un caso práctico que se pode trasladar á aula co alumnado. Nesta sesión traballarase en grupo cunha posta en común posterior.



Polo tanto, se facemos un cómputo xeral das inscricións e a participación do alumnado nestes cursos, obteríamos o seguinte gráfico:



Ao finalizar cada curso, pedíaselles aos participantes que avaliasen certos aspectos do desenvolvemento dos cursos. Presentamos a información agrupada en tres grandes dimensións (*deseño*, *desenvolvemento* e *resultados* da actividade de formación), dentro das cales aparecen algúns aspectos importantes como duración, materiais, adecuación, etc. Todas as gráficas están representadas en porcentaxes, expresando a que corresponde a cada unha das categorías.

DESEÑO DA ACTIVIDADE DE FORMACIÓN

Un dos aspectos que se lle pediu aos participantes que avaliasen dentro dos cursos do Plano de Formación para o Ensino Secundario (PFES), foi o **DESEÑO** que tivo a actividade de formación á que asistiron, tanto no referido á duración, datas e horario no que se realizou, como na adecuación do lugar no que se impartiu e os recursos empregados para levar a cabo a actividade.

No que respecta á **duración dos cursos** (gráfico 1), parece que maioría dos participantes consideraron que o número de horas era o adecuado para a actividade que se realizaba, aínda que na pregunta aberta houbo participantes que expresaron que lles gustaría un pouco máis de duración.




Gráfico 1

Por outra banda, en canto ao **horario** (gráfico 2) elixido para a realización dos cursos, parece que existe un acordo xeneralizado en que foi o correcto. As franxas horarias seleccionadas, foron todas de tarde, de xeito que, como a maioría dos participantes traballan de mañá non lles supuña ter que pedir horas para ter que asistir ao curso.




Gráfico 2

O mesmo ocorre cando se lles pregunta sobre as **datas** (gráfico 3) que foron elixidas para a execución dos diferentes cursos. A maioría dos participantes considera que foron as correctas, aínda que tamén é certo que nalgúns dos comentarios solicitábase que se diminuíra o número de días para poder acabar o curso en menos tempo.




Gráfico 3

No que respecta ao **lugar** de realización das diferentes actividades (gráfico 4), tamén foi avaliado moi positivamente, a pesares dos problemas que xurdiron pola elevada temperatura dentro das aulas. A pesares diso, case o 40% considera o lugar axeitado para as actividades desenvolvidas.




Gráfico 4

No referente aos **recursos** empregados na realización do curso (gráfico 5), cabe destacar que non chega nin ao 3% os que avalían negativamente este ítem, co que entendemos que o equipamento dos aularios é axeitado para as actividades realizadas.




Gráfico 5

A **valoración xeral** deste apartado (gráfico 6), é moi boa, os porcentaxes das valoracións baixas non chegan nin ao 5%, mentres que a máxima puntuación pasa do 40%.




Gráfico 6

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DE FORMACIÓN

No referente ao **DESENVOLVEMENTO** da actividade de formación, unha das primeiras cuestións polas que se preguntaba aos participantes do PFES, tiña que ver co **cumprimento dos obxectivos** que se propúñan ao inicio de cada actividade (gráfico 7). Polo que respecta a iso, aínda que as porcentaxes non son tan altas coma nos outros ítems, máis do 30% considera que se cumpriron totalmente e máis do 70% considérase nalgún grao de acordo con esta afirmación.




Gráfico 7

Algo que desde sempre é fundamental na programación de calquera actividade de formación é se os contidos que se desenvolven no mesmo resultan u non de **interese** para os participantes (gráfico 8), sobre todo nestes casos que a formación está orientada a profesionais da educación. En canto a isto, os participantes na avaliación destes cursos consideraron que os contidos foron de interese, xa que como se pode apreciar no gráfico de máis abaixo, máis do 80% o considera así. Este é un ítem moi importante, xa que é unha das bases nas que se sustenta a programación dos anos seguintes, se os contidos non fosen considerados de interese habería que pensar nunha nova estrutura para o programa de formación.




Gráfico 8

Como dicíamos antes outro dos aspectos avaliados de xeito moi positivo dentro do PFES, foi a **claridade** (gráfico 9) d as explicacións dos docentes dos diferentes cursos, isto tamén é un punto importante, xa que non só as temáticas senón tamén o enfoque e a explicación das mesmas é o que fai que un programa de formación funcione correctamente.




Gráfico 9

Na mesma liña, cabe destacar que a valoración da **metodoloxía** (gráfico 10) empregada nos diferentes cursos e a súa propiedade para cada tipo de curso, tamén recibiu unha avaliación totalmente positiva. De feito, no segundo gráfico, as porcentaxes son aínda máis altas na valoración positiva, cando se lles pregunta sobre os **materiais** empregados (gráfico 11) nos diferentes cursos, consideráronse apropiados aos mesmos así como de utilidade dentro do campo da formación cara a docencia no ensino secundario que se impartiu en cada un dos módulos do PFES.




Gráfico 10




Gráfico 11

En resumo, como se ve no seguinte gráfico, cando se lles pregunta aos participantes se a actividade realizada **respondera ás súas expectativas** (gráfico 12), pódese apreciar que máis da metade considera que así foi (máis do 60%), aínda que cabe destacar que as porcentaxes das valoracións negativas son un pouco máis elevadas que no caso doutros ítems.




Gráfico 12

IMPACTO/RESULTADOS DA ACTIVIDADE DE FORMACIÓN

Na mesma liña do ano anterior, outro dos aspectos relevantes deste plano de formación para o ensino era avaliar se non só se lles achegaba coñecementos de validez dentro da súa practica docente, senón tamén a súa actitude cara esta formación e se, nalgunha medida esta contribuíra a mellorar as súas actitudes. Por outra banda, tamén interesábanos saber cal era a valoración xeral do programa e da súa continuidade ou ampliación.

Neste aspecto, o primeiro que se pediu aos participantes que avaliasen foi se os cursos **motivaran actitudes positivas cara á súa docencia** (gráfico 13) e, como se pode apreciar no gráfico, a maioría dos participantes consideraron que así fora. Aínda que houbo cursos mellor avaliados que outros, en xeral, a avaliación foi positiva neste aspecto.




Gráfico 13

Se nos referimos á **formación didáctica para ensinar** (gráfico 14) que se impartía nos cursos, cando se lles pide aos participantes que valoren se ampliaron dalgún xeito a súa formación neste aspecto, a maioría deles consideran que así foi, de feito case un 40% considérase “moi de acordo” con esta afirmación. Nun programa como o que nos ocupa, no que a formación didáctica é fundamental, xa que desta depende a súa posta en práctica, este é un sinal moi positivo.




Gráfico 14

Un dos obxectivos principais dentro da programación deste programa foi **proporcionar recursos útiles** aos participantes para mellorar na medida do posible a **súa actuación docente**, e mellorar polo tanto o seu desenvolvemento profesional. No gráfico seguinte (gráfico 15), pódese ver que a avaliación marca que si consideraron que os recursos facilitados poderían dalgunha maneira mellorar a súa práctica docente no ensino secundario.




Gráfico 15

Como comentabamos na introdución deste terceiro bloque, unha das preocupacións do programa, ao ser o seu primeiro ano de andadura era avaliar se as actividades realizadas **debería seguir formando parte do programa de formación** ou non, xa que a programación podería ter que sufrir cambios para anos seguintes de non ser así. Sen embargo, como se aprecia no gráfico 16, case a metade dos participantes avaliaron que a actividade na que participaron debería seguir no programa o que indica que poderíamos seguir as mesmas liñas de programación para as seguintes convocatorias.




Gráfico 16

Para rematar, preguntábase aos participantes na avaliación se consideraban necesario **ampliar a oferta formativa** (gráfico 17) do Plano de Formación para o Ensino Secundario no futuro curso 2009/10. Á vista dos datos obtidos, parece que sí consideran que debería ser así, xa que case o 80% dos enquisados se mostran a favor desta ampliación, e máis da metade lle concederon a máxima puntuación a este ítem.




Gráfico 17